

*Ai, corre, Maruxiña, corre, Maruxiña,  
corre, Maruxeira;  
corre, Maruxiña, corre, Maruxiña,  
pola carballeira.  
Pola carballeira, pola carballeira,  
pola carballeira;  
corre, Maruxiña, corre, Maruxiña,  
corre, Maruxeira.*



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

1. Ai, Pepiño, adiós,  
ai, Pepiño, adiós, non te vaias  
a fuxir de nós, a fuxir de nós,  
non te vaias afogar á praia,  
coma nos pasou a nós.

*Corre, Maruxiña, corre, Maruxiña,  
corre, Maruxeira;  
ai, que vén o pai, ai, que vén o pai  
pola carballeira.  
Pola carballeira, pola carballeira,  
pola carballeira;  
corre, Maruxiña, corre, Maruxiña,  
corre, Maruxeira.*

2. I-a miña muller é vella,  
de vella non pare fillos,  
/: i-heina poñer de espantullo  
nunha figueira de figos :/  
3. Unha vella dixo a i-outra  
polo furado da porta  
“tu arregla a túa vida,  
qu’ a miña nada che importa”.